



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Derrogación Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar e aprobación da nova Ordenanza (núm. 17)

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Vedra, en sesión ordinaria celebrada o día 29.01.2025, adoptou o seguinte acordo:

- Derrogación expresa da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), aprobada polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 21.11.2012 (BOP núm. 84/13 do 03 de maio) modificada no ano 2014 (BOP núm. 89/14, do 13 de maio)
- Aprobación inicial da nova ordenanza fiscal núm. 17 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), coa redacción que consta no proxecto de ordenanza.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, e no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local, sométese o expediente a información pública por un prazo de 30 días hábiles, contados a partires da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

O expediente estará a disposición dos interesados na Portal de Transparencia do concello (https://sede.vedra.es/sxc/es/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Documentos_Sometidos_Informacion_Publica/InformacionPublica.html)

Así mesmo expoñerase na Sede Electrónica (<https://sede.vedra.es>), taboleiro de anuncios, o texto íntegro da citada ordenanza fiscal.

De non presentarse reclamacións ou alegacións no citado prazo o acordo entenderase definitivo.

Vedra, 30 de xaneiro de 2025

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo